

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA, A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O VIXILANCIA DOS MOSQUITOS VECTORES DE ENFERMIDADE HUMANA E ANIMAL.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade ten previsto formalizar coa Consellería de Medio Rural, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referido con vixencia ata o 30 de abril de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a cooperación entre a Consellería de Sanidade, a Consellería do Medio Rural, a USC e a UVIGO para a prestación de apoio técnico e desenvolvemento das actividades relacionadas coa vixilancia e control de mosquitos vectores de enfermidades en Galicia

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional prorrogado fundaméntase no seguinte: A Consellería de Sanidade ten a competencia do desenvolvemento de actuacións comunitarias para o control dos riscos de enfermarse asociados aos determinantes de saúde, tanto humana como animal.

A USC e UVIGO desenvolven actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, e entre os seus fins esenciais atópanse o de contribuír aos avances para mellorar as condicións e calidade de vida do entorno social, por iso o Departamento de Zooloxía, Xenética e Antropoloxía da USC, no que persoal do grupo de investigación CI-1274 (biodiversidade, bioxeografía e conservación de invertebrados) conta

cunha liña de investigación denominada “Patróns de biodiversidade e Modelos de predición de pragas” co obxectivo de realizar estudos sobre fauna entomolóxica invasora.

O Departamento de Ecoloxía e Bioloxía animal da UVIGO, no que persoal do grupo de investigación BA2 (Bioloxía Ambiental), conta cunha liña de investigación específica sobre o “Estudo da Biodiversidade” co obxectivo de realizar, entre outros, estudos sobre a fauna entomolóxica invasora.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 2 de agosto de 2017.